



CES
GALICIA
Consejo Económico e Social de Galicia

Ditame
3/19



XUNTA
DE GALICIA

galicia

DITAME

sobre o anteproxecto de
**Lei de medidas de garantía de abastecemento
en episodios de seca
e en situacións de risco sanitario**



APROBADO POLO PLENO O 29 DE MAIO



Todos os documentos do CES poden atoparse en

www.ces-galicia.org

Juan Carlos Veiga Hermida, responsable do Servizo Administrativo do Consello Económico e Social de Galicia, en funcións de secretario xeral do organismo,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 29 de abril de 2019, coa asistencia dos membros que de seguido se relacionan:

Presidenta	Corina Porro Martínez
Secretario	Juan Carlos Veiga Hermida

GRUPO PRIMEIRO

UGT-Galicia	José Carlos Rodríguez del Río Olga Crespo Sánchez Raquel Seijas Lamelas
CIG	Miguel Malvido Cabirto Natividade López Gromaz Lucía Freire Ces
CC.OO.	Maica Bouza Seoane Silvia Parga Rodríguez Roi Fernández Rodríguez

GRUPO SEGUNDO

CEG	Javier Martínez López Laura Otero Rúa Ana Belén Vázquez Eibes José Manuel Maceira Blanco José Antonio Neira Cortés
-----	--

GRUPO TERCEIRO

UU.AA.	Jacobo Feijóo Lamas Rosa Arcos Caamaño
SLG	Ramón Barreiro Carnota Xosé Pérez Rei
Consumidores	Josefa Monteagudo Romero Miguel López Crespo
Universidade da Coruña	Ángel S. Fernández Castro
Universidade Vigo	Jorge Falagán Mora

acordou emitir o ditame que literalmente se transcribe de seguido.

ANTECEDENTES

1.- En data 9 de maio de 2019 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de Lei medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario.

Este organismo resulta competente para o ditame deste anteproxecto de lei de acordo co previsto no artigo 5 da súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre “anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)”.

2.- O texto do anteproxecto foi remitido, en data de 10 de maio, á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial número 2, *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a posterior elaboración do correspondente ditame, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O anteproxecto a ditaminar ven acompañado da Memoria xustificativa e económica, do Informe da S.X. de Igualdade e o Informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, entre outros documentos.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 4/19, de data 23 de maio, acordou aprobar a proposta de ditame e remítilla á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

5.- A presidenta do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 4/19, do 29 de maio, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o Anteproxecto de Lei medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario.

ESTRUTURA E CONTIDO

O Anteproxecto sometido a ditame sinala que a Lei de augas de Galicia, establece, entre as funcións que corresponden á Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia, a elaboración dos plans de seca no ámbito das concas intracomunitarias e, en todo caso, a coordinación dos plans de emerxencia das entidades locais. Doutra banda, a dita lei introduce un marco normativo que regula as medidas a aplicar en episodios de seca ou en situacións de risco sanitario, respectando o marco competencial nesta materia. Neste sentido, hai que ter presente que Galicia conta, ademais de cun territorio integrado en concas hidrográficas de xestión do Estado, cunha propia conca hidrográfica integramente incluída no seu territorio, coñecida como Galicia-Costa.

Atendendo a este marco competencial, neste anteproxecto de lei establécense dous tipos de medidas para garantir o abastecemento en episodios de seca ou situación de risco sanitario, unhas aplicables en todo o territorio de Galicia e outras específicas do territorio de Galicia-Costa, relacionadas coa xestión da conca hidrográfica de competencia autonómica.

Xunto á exposición de motivos, o anteproxecto de lei contén 30 artigos que se estruturan en catro títulos, ademais de doce disposicións adicionais, tres disposicións transitorias e catro disposicións finais.

O título primeiro fixa o obxecto e o ámbito territorial da lei e leva a cabo unha serie de definicións, cunha clara vocación instrumental ou auxiliar en relación ao conxunto da lei e á súa lectura e interpretación.

O título II ten como obxectivo clarificar o papel dos instrumentos de planificación dispoñibles para a xestión dos episodios de seca e as situacións de risco sanitario de tal modo que poidan ser ferramentas útiles e eficaces neste tipo de eventos. Ademais, regúlase o contido do plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, onde a Comunidade Autónoma ten competencias ex-

clusivas de ordenación administrativa, planificación e xestión en relación ao dominio público hidráulico, e dos plans de emerxencia de abastecemento por risco de seca, coa finalidade de ordenar e coordinar nestes episodios e situacións os servizos de abastecemento en alta.

O título III establece as medidas para garantir o abastecemento e a calidade da auga durante episodios de seca e en situacións de risco sanitario aplicables todo o territorio de Galicia.

O título IV ten como obxectivo definir as medidas para garantir o abastecemento e a calidade da auga en episodios de seca no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

En relación ás disposicións adicionais desta lei, merecen ser destacadas as relativas á obrigatoriedade de que as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación realicen auditorías e plans de actuacións sobre as perdas nas redes de abastecemento, co obxectivo de minimizalas. Co fin de incrementar a eficiencia na xestión das redes de abastecemento, a disposición adicional quinta regula os elementos básicos para a creación no futuro dun imposto sobre as perdas de auga nas redes de abastecemento .

O réxime transitorio refírese fundamentalmente á vixencia da actual planificación en materia de seca e ao establecemento dunha moratoria para a instalación de contadores.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

- 1.- O CES-Galicia desexa poñer de manifesto a súa valoración positiva sobre a oportunidade desta norma, á vista dos episodios de seca padecidos en anos anteriores. Por outro lado, a regulación pódese considerar completa dende o punto de vista técnico, se ben nalgúns puntos excede dos obxectivos previstos no seu artigo 1; sinaladamente nos artigos 5, 8, 10 e 11, así como na maioría das disposicións adicionais e finais.
- 2.- Na presente norma podería facerse máis fincapé no aproveitamento das augas subterráneas e augas pluviais.
- 3.- O CES considera que se debería garantir a participación dos interlocutores económicos e sociais na elaboración e seguimentos dos instrumentos de planificación en episodios de seca e en situacións de risco sanitario.
- 4.- A norma contempla o desenvolvemento de campañas informativas e de concienciación sobre o uso racional e sustentable da auga durante a vixencia dun episodio de seca. Sen embargo, o CES estima que non se incide suficientemente na adopción de políticas, plans ou programas de sensibilización e educación no consumo eficiente de auga e na implantación de sistemas de aforro, máis alá de episodios de seca.
- 5.- No referido á linguaxe inclusiva e non sexista, detéctase a referencia en todo o texto de “os responsables..”, o que entendemos que se pode mellorar con expresións do tipo “as persoas ou entidades responsables...”.
- 6.- Noutra orde de cuestións, o CES recomenda unha revisión ortográfica e sintáctica do texto para a súa mellor comprensión e interpretación.

CONSIDERACIONES PARTICULARES

- **Artigo 2. Definicións**

A definición de seca prolongada non é facilmente diferenciable da de seca en xeral, pois a pesares do que puidera intuírse da súa denominación (como prolongada), non se fai ningunha mención na súa definición á duración temporal desta.

- **Art 8. Contido dos plans de emerxencia de abastecemento por risco de seca**

Con respecto ao artigo 8 da norma, cómpre salientar a necesidade de ter unha previsión específica dos plans de emerxencia de abastecemento para colectivos especialmente vulnerables, así como, no artigo 10, garantir o subministro para estes colectivos.

- **Art 15. Avaliación do risco sanitario**

Debería especificarse un pouco máis o contido do protocolo de actuación, establecendo a incorporación de obrigas máis precisas, prazos máis concretos, así como as consecuencias dos incumprimentos que neste precepto se dispoñen.

Art. 16. Determinación das medidas a adoptar en situación de risco sanitario

Para maior claridade e seguridade xurídica, suxírese substituír a expresión “que poidan ostentar competencias” pola de “que ostente competencias”.

Disposición adicional 5ª. Imposto sobre as perdas de auga nas redes de abastecemento

Ademais de non ser consonte ao obxectivo desta lei a creación dun gravame ás perdas de auga nas redes de abastecemento, o CES considera que a crea-

ción dun novo sistema de gravame non pode recollerse na lei de xeito aberto e indeterminado e plantexando dúas vías de gravame alternativas, senón que requiren dunha lei que defina un instrumento concreto no que se precisen todos aqueles aspectos para os cais o noso ordenamento xurídico establece unha reserva de lei.

Por outra parte, a expresión “promoverá gravar”, como previsión abstracta e de futuro, resulta de todo punto incongruente co conxunto do texto da disposición, sobre todo se temos presente que, de seguido, o anteproxecto debulla xa os elementos esenciais dunha das dúas opcións que se propón implantar, a creación dun novo imposto.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019

Vº e P.
A PRESIDENTA

O SECRETARIO XERAL

Corina Porro Martínez

Juan Carlos Veiga Hermida

www.ces-galicia.org